



Expediente núm.: 2089/2023

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2023 - 2024 (Auxiliar de axuda no fogar) (Substitución da persoa traballadora)

Materia: Actualización da quenda de reserva

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes

1. O 20.01.2023 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2023 - 0042, que establece o que copiado literalmente di:

“Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2023 – 2024:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	ENTREVISTA ESCRITA	PROBA GALEGO	TOTAL PUNTOS
1	Iglesias Yáñez, Aurelia María	4738	5	1,7	8,5	APTO	15,2
2	Pérez Martínez, Lorena	8882	4,1	2,3	7,5	EXENTO	13,9
3	Batista Sancha, Isabel	8798	4,4	1,8	7,5	EXENTO	13,7
4	Fraguas Fernández, Adrián	5100	5	2,7	6	EXENTO	13,7
5	Álvarez González, Aurora	5483	5	1,5	7	EXENTO	13,5
6	Estévez Lamas, Marina	5927	3,8	2,3	7	EXENTO	13,1
7	Pombar Vígara, Sonia	5846	3,3	3	6	EXENTO	12,3
8	Alves Fernández, Tatiana	9743	5	0,5	6,25	EXENTO	11,75
9	Rivas Ameal, María Olga	5956	5	0,7	6	EXENTO	11,7
10	Rodríguez Amoedo, Eva	6326	3,4	0,6	7	EXENTO	11
11	Fernández Gil, Dolores	7008	0	1,7	9	EXENTO	10,7
12	Rodríguez Garrido, María Pilar	9958	1,2	0,5	8,5	EXENTO	10,2
13	Mira Rodríguez, Rosana	9607	2,1	0	8	EXENTO	10,1
14	Carnero Álvarez, Andrea	8223	0	1,6	8	EXENTO	9,6
15	Fernández Fernández, Ana Isabel	4914	0,6	0,9	8	EXENTO	9,5
16	Gómez Rodríguez, Noemí	6022	0,1	2,1	6	EXENTO	8,2

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.”

2. O 03.05.2023 finaliza contrato temporal de duración determinada de interinidade, na categoría profesional de “auxiliar de axuda no fogar”, os/as traballadores/as que se detallan a continuación:
 - Calvo Vidal, Nuria con DNI núm. 9408
3. O artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral e creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2023 - 2024 no Concello do





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Pereiro de Aguiar para a categoría profesional de "auxiliar de axuda no fogar", en relación co funcionamento da listaxe de reserva, dispón literalmente o seguinte:

"A listaxe/bolsa de reserva terá carácter rotatorio e o chamamento realizarase conforme ao disposto no artigo 15 destas Bases en función das vacantes de postos que xurdan na categoría profesional de Auxiliar de axuda no fogar (V) e por rigorosa orde de puntuación.

De producirse renuncia expresa ou nos termos previstos no dito artigo 15 a persoa aspirante pasará ao último lugar da listaxe de reserva, salvo que concorran circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan acreditadas debidamente. Nestes casos respectarase a orde da persoa aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.

A persoa que entrase a traballar, unha vez finalizado o seu contrato de traballo, se este acada os 6 meses de duración (nun período de 12 meses) pasará a ocupar o último lugar da listaxe/ bolsa de reserva.

Se o contrato ou sucesivos contratos de traballo finalizados non acadasen os 6 meses de duración (nun período de 12 meses) reincorporarase á listaxe/bolsa de reserva na posición que tivese no listado a efectos de ser incluído en novos chamamentos.

A persoa aspirante que unha vez finalizado/s o/s seu/s contrato/s de traballo ao abeiro do/s chamamento/s da presente listaxe/bolsa de reserva acade os 18 meses de duración (nun período de 24 meses) quedará automaticamente excluída da listaxe/bolsa de reserva para realizar contratacións laborais temporais de persoal para os anos 2023 – 2024 na categoría profesional de Auxiliar de axuda no fogar (V) no Concello do Pereiro de Aguiar, en atención ao disposto no artigo 15.5. do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Os contratos de traballo que se formalicen ao abeiro das presentes Bases non poderán ter, en ningún caso, unha duración superior á vixencia da listaxe/bolsa de reserva."

Visto o disposto no artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral e creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2023 - 2024 no Concello do Pereiro de Aguiar para a categoría profesional de "auxiliar de axuda no fogar", e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral e creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2023 - 2024 no Concello do Pereiro de Aguiar para a categoría profesional de "auxiliar de axuda no fogar" (artigo 12 e seguintes):

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2023-0767 Data: 25/09/2023

Cod. Validación: 6K79FWZH7FSE2P44YFTQ6R2H
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	ENTREVISTA ESCRITA	PROBA GALEGO	TOTAL PUNTOS
1	Iglesias Yáñez, Aurelia María	4738	5	1,7	8,5	APTO	15,2
2	Calvo Vidal, Nuria	9408	5	3	7	EXENTO	15
3	Pérez Martínez, Lorena	8882	4,1	2,3	7,5	EXENTO	13,9
4	Batista Sancha, Isabel	8798	4,4	1,8	7,5	EXENTO	13,7
5	Fraguas Fernández, Adrián	5100	5	2,7	6	EXENTO	13,7
6	Álvarez González, Aurora	5483	5	1,5	7	EXENTO	13,5
7	Estévez Lamas, Marina	5927	3,8	2,3	7	EXENTO	13,1
8	Pombar Vigara, Sonia	5846	3,3	3	6	EXENTO	12,3
9	Alves Fernández, Tatiana	9743	5	0,5	6,25	EXENTO	11,75
10	Rivas Ameal, María Olga	5956	5	0,7	6	EXENTO	11,7
11	Rodríguez Amoedo, Eva	6326	3,4	0,6	7	EXENTO	11
12	Fernández Gil, Dolores	7008	0	1,7	9	EXENTO	10,7
13	Rodríguez Garrido, María Pilar	9958	1,2	0,5	8,5	EXENTO	10,2
14	Mira Rodríguez, Rosana	9607	2,1	0	8	EXENTO	10,1
15	Carnero Álvarez, Andrea	8223	0	1,6	8	EXENTO	9,6
16	Fernández Fernández, Ana Isabel	4914	0,6	0,9	8	EXENTO	9,5
17	Gómez Rodríguez, Noemí	6022	0,1	2,1	6	EXENTO	8,2

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Segundo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Cuarto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0767 Data: 25/09/2023

Cod. Validación: 6K79FWZH7FSE2P4YFTQ6R2H
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

